Grupo Municipal
RIBEIRA

ºpMª DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** neste Concello, presenta a seguinte **Moción** ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta de Galiza do pasado día 10 de febreiro de 2011, entre outros acordos, aprobou o Decreto polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O POL entrará en vigor tan pronto se publique no DOG, que será en breve prazo según se informou por parte de representantes da Xunta. A vista da documentación publicada na páxina web que a Consellaría habilitou para o POL. Practicamente non foi atendida ningunha das alegacións presentadas, tanto por parte dos veciños de veciñas de Ribeira afectadas, como polo propio Concello.

Cabe lembrar que o POL inclúe no seu ámbito aproximadamente 52 km2 dos 69 km2 de superficie total do municipio de Ribeira, o que supón o 75,36% do termo municipal, afectando a chans situados a unha distancia da costa de até 3.000 m, superando con moito o actual límite cautelado de 500 m.

Afecta a 3,3 millóns de m2 de chan urbano, dos 5,9 millóns de m2 existentes. Isto correspondese co 56% do chan urbano municipal. No que respecta ao núcleo rural, afecta a 3,6 millóns de m2 dos 5,7 millóns de m2 de superficie segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), o que representa o 63% do chan de núcleo rural municipal.

A clasificación dun chan como urbano é un acto regulado, establecido por lei. Se o POL cambia a súa regulación establecendo a prohibición do uso edificatorio, pódese incorrer en responsabilidade patrimonial ao lesionarse ou limitarse dereitos adquiridos polos propietarios/as.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

A C O R D O :

Que o Goberno Municipal adopte as medidas oportunas, mesmo recorrendo o Plan de Ordenación do Litoral ante o Tribunal Contencioso-Administrativa, para defender os intereses xerais dos veciños e veciñas de Ribeira.

Que no recurso que se presente se demande que se respecte o actual Plan Xeral de Ordenación Municipal, se permitan as ampliacións necesarias na revisión que se está efectuando, tanto de chan urbano como de núcleo rural e se reduza na medida do posible a protección do corredor de Coroso.

Ribeira, 17 de setembro de 2010

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA